



Paraiso  
entre  
Ríos

# “O teu Concello infórmate”

## Área recreativa de Medín e roteiro do Bocelo, en Vilamourel

Este «**Proxecto de adecuación da rede de rutas de sendeirismo e elementos asociados na cuenca do río Mandeo**», cofinanciado con fondos FEDER (Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional) e a Deputación de A Coruña, ten contempladas unha serie de actuacións no marco do Proxecto Mandeo moi importantes para o noso Concello.



*O Alcalde cos concelleiros e o técnico municipal, supervisando as obras da praza*

Así, por un importe de **103.864,14 €**, estanse a realizar as obras de construción da **Área Recreativa de Medín**, en Vilamourel da que poderán disfrutar tanto pequenos como maiores dado que están contemplados elementos de todo tipo a fin de a familia ó completo poida disfrutar deste entorno.

Nela, os máis pequeniños terán distintos elementos de xogo como son un arenero, un balancín-tractor, unha casiña de xogos, un balancín dos tradicionais, un conxunto de varios xogos integrados, un columpio e un balancín duplo.

Tamén contará con mesas e bancos de pedra para descansar ou ir a comer, unha barbacoa, unha zona de aparcamento pavimentada para coches e outra para bicicletas, barandas de seguridade donde así o require, pavimento de seguridade adaptado ós nenos nas zonas de xogo e as especies de árbores e plantas ornamentais que mellor se adaptan ás características da zona.

Outra das actuacións que se están a levar a cabo no marco do Proxecto Mandeo é **Ruta do Bocelo** por un importe de **16.896,42 €**; conta con 7,55 km. De gran relevancia para todas aquelas persoas que gustan de practicar o sendeirismo ou o cicloturismo.

O entorno do río Mandeo pasará a contar así cuns servizos que revaloricen esta zona de especial interese paisaxístico e gran beleza con un espazo natural que debemos conservar e potenciar.

## Charla cancro de colon



*Un dos momentos da charla*

O pasado 21 de decembro o Concello de Paderne organizou unha charla, «Alimentación e cancro de colon», en colaboración coa Xunta Provincial da Asociación Contra o Cancro de A Coruña.

O Alcalde anunciou a intención do Concello de seguir traballando na procura de manter informados ós veciños en temas sobre a saúde buscando ós especialistas adecuados en cada especialidade.

## Concerto de Nadal e Fin de Ano

Os concertos de Nadal e Fin de Ano que se celebran no Concello de Paderne cada ano por estas datas contaron, unha vez máis, cunha gran resposta por parte dos veciños que disfrutaban acompañando ó seu Alcalde nestes actos típicos do Nadal; desde pezas coñecidas de música clásica ata pasodobles, tangos, valeses, famosas bandas sonoras e algunhas panxoliñas.

## Cabalgata de Reis en Paderne

O día 4 de xaneiro as Súas Maxestades achegáronse ata o Concello para recoller as cartas de tódolos nenos e nenas. O Alcalde, recibeunos na Casa do Concello antes de realizar o recorrido polas parroquias.

Persoas de tódalas idades acudiron pola tarde ata o pavillón polideportivo a recibir ós Reis que remataron alí cunha festa na que non faltaron agasallos para os cerca de 100 participantes do concurso de debuxos e narracións e actuación de maxia na que saíron ó escenario varios dos alí presentes.



*O Alcalde recibindo ós Reis na súa chegada a Paderne*



*Un momento da visita ó castelo*

## Excursión a Moeche

O castelo de Moeche foi a primeira parada da excursión realizada o pasado domingo 23 de xaneiro polo Concello de Paderne.

Realizouse un recorrido por todo o recinto recibindo explicacións sobre as distintas etapas, os seus propietarios así como dos feitos que nel aconteceron.

Despois desta visita, a feira que tiña lugar en Moeche foi a seguinte parada da mañá antes da comida, que se realizou en Cedeira, e á que acompañou o sorteo de regalos.

## Programa de compostaxe en Paderne

O pasado 25 de xaneiro o Alcalde presidiu a primeira presentación pública do «**Proxecto de compostaxe doméstica na Comarca das Mariñas-Betanzos**» aos medios de comunicación na que participaron representantes de varios concellos da comarca incluídos no programa.

Subvencionado pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras, comeza de xeito experimental con 10 familias de cada concello que recibirán, cada unha delas, uns colectores denominados composteiros destinados á elaboración de abono orgánico a partires dos residuos xerados na casa ou na horta.

A presentación específica para as persoas de Paderne tivo lugar o xoves 27 de xaneiro; a ela acudiron as familias do noso Concello interesadas en formar parte deste programa.

## III aniversario do Centro de Miores

Unha visita á Cidade da Cultura, en Santiago, centrou a mañá do día 10 de febreiro na que un total de 200 socios acudiron á onomástica da inauguración do Centro de Miores; un espazo que veu a representar un gran avance para as persoas maiores de Paderne.

Rematouse o día cunha comida seguida do sorteo de regalos e baile nun restaurante de Cerceda.

## Axudas para a renovación de maquinaria agrícola

O Concello de Paderne está a informar ós agricultores e gandeiros que desexen acollerse ás axudas que a Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia ven de sacar para a renovación do parque de maquinaria.

O obxecto das mesmas é o da substitución da maquinaria vella por novos tractores e máquinas que, ao estaren equipados con modernas tecnoloxías, melloren as condicións de traballo, teñan unha maior eficiencia enerxética e produzan menor impacto ambiental.

Os beneficiarios destas axudas poden ser os titulares dunha explotación agraria ou as cooperativas agrarias, as cooperativas de explotación comunitaria da terra, as cooperativas de traballo asociado cuxa actividade principal sexa a agraria e as SAT.

Para presentar estas solicitudes hai de prazo ata o 4 de marzo de 2011.

## Axudas á natalidade

O Concello de Paderne ven de aprobar un ano máis a subvención denominada «Axudas á natalidade» que, por unha contía de 300 €, ten por obxecto contribuír ós gastos que para a unidade familiar supón o nacemento dun novo membro.

O Alcalde e o seu Equipo de Goberno consideran de gran importancia manter este esforzo presupostario, aprobado no ano 2006, de axuda ós gastos que se xeran trala incorporación dun fillo, sobre todo nestes tempos nos que a crise obriga á eliminación doutro tipo de axudas.

## Axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios

A Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia, ven de sacar unha Orde pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para o fomento da contratación dos seguros agrarios na Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2011.

Un dos principais obxectivos desta Orde é o de completar o proceso de incorporación do sector gandeiro e do forestal ao sistema de seguros agrarios, acadando o obxectivo de universalizar a protección das ditas producións ante os principios riscos que os afectan.

Poderán ser beneficiarios os asegurados titulares de explotacións agrarias situados no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia sempre e cando cumpran certos requisitos dos que se poden informar no Concello.

## Axudas para a mellora da eficacia e sustentabilidade das explotacións agrarias e para a incorporación de novos activos

Tamén da Consellería de Medio Rural, ven de convocarse outra liña de axudas para a realización de plans de mellora nas explotacións agrarias así como para a primeira instalación de agricultores mozos ou mozas.

O prazo para solicitar esta xuda é ata o 28 de febreiro; as persoas que precisen de maior información poden dirixirse ó Concello.

## Prestación económica de pagamento único por fillos/as menores de 3 anos para o ano 2011

A Consellería de Traballo e Benestar, ven de sacar unha Orde pola que se establecen as bases que rexerán a concesión da prestación económica de pagamento único por fillos/as menores de tres anos para o ano 2011.

Poden beneficiarse dela as persoas con fillos/as menores de 3 anos que a razón dos seus ingresos non estean obrigados a presentar declaración de renda. A contía é de 360 € por fillo/a e o prazo para a súa solicitude remata o 26 de marzo.

### Balneoterapia

O Concello de Paderne, ten prevista a seguinte saída de balneoterapia ó balneario de Guitiriz para o vindeiro venres 4 de marzo.

Poden beneficiarse deste servizo as persoas maiores de 65 anos e os pensionistas maiores de 60 que se atopen empadroados no Concello de Paderne. A saída da Casa do Concello será ás 9.30 e o regreso ás 13.30 h.

Os interesados teñen ata o día 1 de marzo solicitar a súa participación.

O prazo para solicitar esta xuda é ata o 28 de febreiro; as persoas que precisen de maior información poden dirixirse ó Concello.

## Orzamento Municipal 2011

### INGRESOS: 1.570.416,28 euros

- Capítulo 1.- Impostos directos: 305.000 euros  
(Proceden do Imposto sobre bens inmobles de natureza Rústica e Urbana, Imposto sobre actividades económicas e Imposto de Vehículos)
- Capítulo 2.- Impostos indirectos: 60.000 euros
- Capítulo 3.- Taxas e outros ingresos: 219.299,47 euros  
(Proceden da Expedición de documentos, Licencias de apertura de establecementos, Recollida de Lixo, Alcantarillado, Auga, Fenosa e Telefónica)
- Capítulo 4.- Transferencias correntes: 770.408,00 euros  
(Participación nos Tributos do Estado, compensación pola perda do IAE, subvencións de carácter repetitivo da Xunta e Deputación)
- Capítulo 5.- Ingresos patrimoniais: 1.500 euros  
(Intereses das contas bancarias)
- Capítulo 6.- Alleamento de investimentos reais: 12.020,24 euros  
(Alleamento de fincas rústicas municipais)
- Capítulo 7.- Transferencias de capital: 199.183,51 euros  
(Subvencións de Xunta e Deputación destinadas a investimentos)
- Capítulo 8.- Activos financeiros: 3.005,06 euros  
(Reintegros de persoal dos préstamos concedidos)
- Capítulo 9.- Pasivos financeiros: 0 euros  
(Préstamos)



*O Alcalde e o Concelleiro de facenda*

### GASTOS: 1.570.416,28 euros

- Capítulo 1.- Gastos de persoal: 431.283,62 euros  
(Comprenden as retribucións a tódolos traballadores do Concello, incluídos os subvencionados polos distintos Organismos Públicos)
- Capítulo 2.- Gastos en bens correntes e servizos: 876.321,60 euros  
(Son os considerados necesarios para o mantemento dos servizos: luz, teléfono, combustibles, limpeza, calefacción, alumado público, recollida do lixo, seguros, gastos de oficina, correos...)
- Capítulo 3.- Gastos financeiros: 3.500 euros  
(Pago de intereses a bancos)
- Capítulo 4.- Transferencias correntes: 17.950 euros  
(Subvencións nominativas que se concederán no 2011)
- Capítulo 6.- Investimentos reais: 213.206 euros  
(Investimentos en obras, infraestructuras, alumado público)
- Capítulo 7.- Transferencias correntes: 1.150 euros
- Capítulo 8.- Activos financeiros: 3.005,06 euros  
(Préstamos ó persoal)
- Capítulo 9.- Pasivos financeiros: 24.000 euros  
(Pagos de operacións de crédito vixentes)

## Xestións ante os diversos organismos

Aprobados os presupostos para este ano 2011, que van a permitir seguir mantendo uns axeitados servizos ós veciños, vamos a poder beneficiarnos ademais do traballo de xestión realizado neste pasado ano polo Alcalde ante os diversos Organismos oficiais incrementando, de maneira considerable, o presuposto que o Concello ten asinado por lei.

### Xestións ante a Deputación

- Sinatura do convenio para a construción dun local social en Quintas: **126.242,19 €**
- Instalacións térmicas no polideportivo e na piscina municipal: **56.160 €**
- Instalacións fotovoltaicas no local social de Adragonte e na Casa do Concello: **64.080 €**
- Mellora e acondicionamento de parques infantís: **70.588,24 €**
- Contratacións para limpeza de praias: **11.280 €**
- Amaños nas Escolas: **10.496,45 €**
- Subvención nominativa para a conservación e mantemento de vías públicas: **23.919,36 €**
- Accións encamiñadas a reducir o consumo enerxético na Casa do Concello, no polideportivo municipal, no Centro de Saúde e na escola de Souto: **5.624,48 €**
- Acondicionamento do local social da Escola de Velouzás: **9.960,68 €**
- Ampliación da traída municipal nos lugares de Abrodos e Chantada e ampliación do saneamento en Chantada: **74.612,08 €**
- Subvención nominativa: Conservación e mantemento das vías públicas do Concello: **23.919,36 €**
- **Proxecto Mandeo, que inclúe:**
  - Área Recreativa de Medín: **103.864,14 €**
  - Ruta do Bocelo: **16.896,42 €**
  - Observatorio Ornitolóxico en Souto: **161.240 €**
  - Centro de Interpretación do Entorno Fluvial de Chelo: **848.720 €**
  - Saneamento en Insua: **601.400 €**

### Xestións ante a Xunta

- Subvención para a realización de Talleres Creativos en torno ós libros: **900 €**
- Concesión do Obradoiro de Emprego «Revalorización do Rural»: **562.637,92€**
- Obradoiros de Coeducación: **4.010 €**
- Contratacións a través dos Programas de Cooperación: **48.905,34 €**
- PEIM 2010: **10.540,22 €**
- Mellora e conservación da fonte de Insua: **14.242,98 €**
- Parques Biosaudables: Entorno da escola de Velouzás: **6.453,42 €**
- Grupo de Acción Costeira (G.A.C.): Posta en valor da cultura marítima na Ría de Betanzos: **124.394,39 €** que inclúe:
- Creación, na antiga escola de Chantada, dun centro de educación ambiental «Aura Ría de Betanzos»

### Xestións ante o Goberno Central

- Solicitude da obra: Captacións, depósitos reguladores e canalización de auga para traída en Obre e Paderne (FEIL 2010): **294.296 €**

**TOTAL = 3.396.147,23 €**

## Excursión de «Paderne en familia» á festa da filloa de Lestedo, en Boqueixón

O día **13 de marzo**, aproveitando as festas do Entroido, o Programa «Paderne en Familia» acude á **Festa da Filloa de Lestedo**, no municipio de Boqueixón.

A degustación de filloa centra este día no que tamén hai a posibilidade de ver os desfiles de **peliqueiros de Laza** e dos **xenerais da Ulla**, típicos da zona.

Ás 9:30 h os autobuses comezará na recoller á xente polas distintas parroquias. Poden inscribirse tódalas persoas empadroadas no Concello de Paderne. O prezo é de 15 € por persoa.

Para anotarse hai de prazo ata o día 9 de marzo.

## Entroido en Paderne

O Concello de Paderne invita a tódalas persoas a participar coas súas comparsas e disfraces na Festa do Entroido.

Será o mércores día **9 de marzo ás 8:30 da tarde** no campo de O Telleiro, preto da Casa do Concello.

A Escola de Gaitas San Pantaleón animará o comezo da Festa na que tamén se procederá á queima do Entroido seguida dunha sesión de fogos artificiais.

Todos os que se acheguen ata a carpa na que se celebrará esta festa, poderán degustar produtos da nosa gastronomía (empanadas de bonito, carne e bacallao, queixo fresco, doce, viño e queimada de Paderne).

Como en cada unha das súas edicións, non van a faltar os premios ós primeiros tres mellores disfraces nas categorías de grupos e individuais.

Tamén os pequeniños van a ser recoñecidos con un premio ó mellor disfraz.

Como a música non vai a faltar, esperamos pasar un divertido momento nesta Festa do Entroido en Paderne.



## Día da muller

O venres **11 de marzo** o Concello de Paderne vai a celebrar o «**Día da Muller**» reivindicando así o dereito de tódalas persoas a non ser discriminadas en razón do seu sexo, a ser respetadas e valoradas pola súa condición de persoa.

Varias mulleres do Concello serán protagonistas do día aportando algunhas das súas vivencias que dan fe da discriminación da que ata fai ben poucos anos eran obxecto as mulleres.

Vai a ter lugar no Salón de Sesións da Casa do Concello ás 8 da tarde invitando, con esta convocatoria, a tódalas persoas a apoiar este acto de reivindicación da igualdade entre todos.

## Día da árbore

O vindeiro **20 de marzo** celebramos o «**Día da Árbore**» na parroquia de Souto.

Ás 12:00 horas comezará os actos programados para este día no entorno do campo dos Desamparados en Souto.

A Escola de Gaitas San Pantaleón dará paso ás palabras de benvinda do Alcalde e a Coral Albeiro de Velouzás recordará, como en cada ocasión, o Himno á Árbore que antigamente se cantaba por esta celebración.

Unha placa conmemorativa recordará este día en Paderne e, seguidamente, compartiremos uns pinchos e un viño da terra.